

Búscanse mecenas para celebrar o II Delas Fest

7H Cooperativa Cultural lanza unha campaña de financiamento colectivo para organizar a segunda edición do festival feminista de arte urbana e contextual

Santiago, 21 de maio de 2020

Ante a incerteza e a ameaza da crise, o protagonismo da solidariedade horizontal e a colaboración colectiva. É a fórmula escollida por [7H Cooperativa Cultural](#) para organizar o segundo [festival feminista de arte urbana e contextual Delas Fest](#) e sortear a difícil situación que atravesamos como consecuencia da pandemia do coronavirus.

A entidade, dedicada á xestión cultural, á educación artística e á creación contemporánea, vén de lanzar unha [campaña de micromecenado na plataforma virtual Goteo](#) co obxectivo de recadar os 42.400 euros necesarios para celebrar unha nova convocatoria do evento, orientado ao combate das desigualdades materiais e simbólicas que sofren as mulleres nesta disciplina.

A gran acollida e impacto da experiencia inaugural, celebrada en decembro de 2019 cun cento de participantes, alentou á equipa organizadora a perserverar na construción de espazos de creación e debate cos que democratizar a expresión na rúa e desmontar os prexuízos e falsos argumentos que sosteñen a discriminación de xénero na arte urbana. Fronte o apenas 19% de nomes femininos que, de media, asinan obras nos festivais españois en activo cun mínimo de cinco edicións, o Delas Fest aposta por un cartel feminista composto integramente por mulleres, protagonistas de todas as actividades.

Para materializar esta vontade, 7H aspira a transformar as doazóns do mecenado nunha nova edición do evento, máis longa, extensa e diversificada, na que ampliará o número de municipios involucrados e extenderá a duración do festival até as catro semanas. Ademais, a entidade quere implicar a un maior número de participantes con perfís máis plurais na programación, composta por catro intervencións artísticas; obradoiros de creación; faladoiros de análise e debate; un encontro de improvisación pictórica e espazos de convivencia entre colectivos, asociacións veciñais e artistas.

Malia que a proposta conta co apoio dos municipios de Ames, Brión, Teo e Santiago, a celebración da totalidade das actividades previstas dependen, en moi grande medida, do apoio económico colaborativo. O *crowdfunding*, que fixa unha recadación mínima de 8.900 euros en 40 días para poder aspirar a acadar o orzamento total, xa conta coas doazóns de preto dun cento de persoas.

Unha revisión feminista da arte urbana: contra a discriminación, crítica creativa

Concibido coa vontade de situar a Galicia na vangarda da arte urbana diversa e con perspectiva de xénero, o Delas Fest naceu como aposta continuadora do programa [Elas tamén Pintan](#), un laboratorio artístico-educativo orientado a concienciar á mocidade sobre as desigualdades de xénero na arte urbana a través dun espazo formativo e de creación libre e seguro.

Ao igual que este proxecto, recoñecido en 2018 pola Deputación da Coruña co Premio Begoña Caamaño á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero, o festival xorde como resposta a sistemática invisibilización das artistas urbanas e aos discursos que a xustifican baixo a escusa da suposta inexistencia de creadoras na disciplina ou da igualmente falsa “menor calidade” das súas obras. Malia os avances acadados respecto aos primeiros festivais celebrados no Estado español a comezos dos 2000, a arte urbana é aínda un ámbito masculinizado no que as mulleres sofren maiores dificultades ca os homes para acceder aos circuítos profesionalizados e para traballar en condicións laborais e salariais xustas e dignas.

Ante a evidencia dos condicionantes, case sempre traducidos en obstáculos, que impón o xénero no traballo artístico no ámbito público, o Delas Fest Xerar aspira a xerar espazos de análise, diálogo e intercambio de experiencias cos que artellar propostas que favorezan a igualdade no sector.